



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC (Secretaría)**

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e dez minutos do día vinte e catro de agosto de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D<sup>a</sup>. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa non asistencia os concelleiros D. Javier Domínguez Lino, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Ángel Moldes Martínez; actuando como Secretaria Acctal do Concello D<sup>a</sup>. Consuelo de la Peña Costoya e como interventora Acctal D<sup>a</sup>. Dolores Sartal Alvariñas. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3421.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE 19/2010 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á corporación do expediente tramitado polo Departamento de Intervencción de modificación de crédito na modalidade de crédito extraordinario número 19/2010 iniciado por providencia do Alcalde de data 11 de agosto 2010 e en virtude da concesión dunha subvención por importe de 213.919,50 € por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para proxecto "Pavillón para as mariscadoras da Seca" a dividir en dúas anualidades: 164.584,24 € en 2010 e 49.335,26 € en 2011, ascendendo os gastos da anualidade 2010 a cantidade total de 211.650 €, que inclúe a realización da obra por importe de 193.500,78 € máis a redacción do proxecto por importe de 18.149,22 € correspondendo ao Concello realizar unha aportación polo importe de 47.065,76 € o que supón o 18%.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 12 de agosto de 2010 e ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non subscitándose debate ningún, sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda Gobernación e Contas este quedou aprobado polo voto favorable dos 13 membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación de crédito número 19/2010 na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remamente líquido de tesourería polo importe de 47.065,76 €.

**Segundo:** Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia mediante anuncio, para a súa información pública polo prazo de 15 días, durante os cales poderán presentar as alegacións que consideren oportunas e de non presentarse reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase definitivamente aprobado.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3422.- CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación da certificación final en concepto de liquidación por exceso de obra do investimento "Casa de cultura de Raxó" que ascente a un total de 58.398,30 € de data 30 de abril de 2010 conformada polos directores de obra D. Enmanuel Romero Parra e D. Angel Martínez Muñoz, polo arquitecto técnico D. Fernando Sevilla Ricote e polo Contratista e na súa representación D<sup>a</sup>. Susana Lenguas Gil , factura núm. M-36000-043.3 de data 30 de xuño de 2010 polo mesmo importe.

Consta no expediente acta de recepción con reservas de data 30 de abril de 2010 con anexo da mesma data e acta de recepción sen reservas de data 30 de xuño de 2010 conformada igualmente polos directores de obra D. Enmanuel Romero Parra e D. Angel Martínez Muñoz, polo arquitecto técnico D. Fernando Sevilla Ricote e polo Contratista e na súa representación D<sup>a</sup>. Susana Lenguas Gil.

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal de data 17 de agosto de 2010, no que entre outros extremos, no apartado duodécimo, informa que existe crédito disposto suficiente na aplicación presupostaria 334.60900 por importe de 58.398,30 € para proceder a aprobación da devandita certificación.

Con data 17 de agosto de 2010 someteuse á informe da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Conta ditaminándose favorablemente a súa aprobación.

Non subscitándose debate ningún, previa aclaración por parte da Sra. Nieto García do sentido do voto por parte do grupo popular, sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con 9 votos a favor (6 BNG e PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP esta quedou aprobada adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a certificación final en concepto de liquidación por importe de 58.398,30 €, factura M-36000-043.3 polo mesmo importe e actas de recepción con reservas de data 30 de abril de 2010 e acta de recepción sen reservas de 30 de xuño de 2010.

**Segundo:** Comunicar este acordo á intervención e aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

3423.- ESTUDO DE DETALLE DO BORDE MARÍTIMO DE RAXÓ, APROBACIÓN DEFINITIVA, DE CONCELLO DE POIO.- De conformidade co establecido no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase por maioría de votos a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha.

A continuación, pola Sra. Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación definitiva do estudo de detalle do borde marítimo de Raxó así como dos informes emitidos polos Técnicos Municipais e que son os que seguen:

Informe emitido polo Asesor Xurídico de 11 de agosto de 2010 en relación á alegación presentada por Dna. Aurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Galiano, que dí textualmente: " ASUNTO: EXPTE. DE URBANISMO S/N, ESTUDO DE

DETALLE DO BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ, ALEGACIÓN PRESENTADA POR DNA. AUREA AGUIN MARTÍNEZ E D. JOSÉ SANMARTIN GALIANO, CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO MESMO.

Visto o expediente de urbanismo tramitado, de aprobación do Estudo de Detalle do bordo marítimo de Raxó, promovido polo Concello de Poi o e redactado polos arquitectos D. Antonio Rodríguez Martín e D. Antonio Espinosa Murias, así como o desposto no Plan de Ordenación vixente na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, modificada polo a Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo e o previsto na

Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, teño a ben informar o seguinte:

1°.\_ Por acordo da Xunta de Goberno Local nº 7844, adoptado en sesión de 19 de abril de 2010, aprobouse inicialmente o Estudo de Detalle, previos informes técnico e xurídico e previo o informe de Costas do Estado, informándose favorablemente por Costas da Xunta o 4 de xullo de 2010, tratando con este Estudo de Detalle de homoxeneizar a fachada marítima de Raxó, na parte na que as edificacións se emplazan dentro dos 20 metros da servidume de protección de dominio público.

2°.\_ O acordo de aprobación inicial foi notificado aos interesados incluídos dentro do seu ámbito, así como sometendo o Estudo de Detalle a información Pública durante o prazo de 20 días hábiles, a contar do día seguinte ao que se produza a publicación no Diario Oficial de Galiza, taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3°.\_ En data 8 de xuño de 2010 tivo entrada no rexistro do Concello de Poio un escrito asinado por Dna. Aurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Galiano, formulando a alegación correspondente, opoñéndose as determinacións do Estudo de Detalle aprobado tanto en canto modifica as determinacións do Plan Xeral en canto a alturas e aproveitamentos, en canto contraveñen a sentenza núm.: 1.130/2007 recaída, no procedemento ordinario núm.: 0005026/2000, do Tribunal de Xustiza de Galicia, en trámite de execución, e, en mérito do alegado, rematan solicitando que se ordene a rectificación do mesmo, co fin de que se respeten os dereitos adquiridos, á finca da súa propiedade, sita na praia de Xiorto, parroquia de Raxó, con acceso pola rúa Ramón Encinas Diéguez.

4°.\_ Con data 14 de xullo de 2010, esta asesoría emitiu informe, que consta no expediente, propoñendo que se solicitara informe dos técnicos redactores do estudo de detalle, en-relación coa reclamación presentada e a sentenza recaída en dito recurso.

5°.\_ Con data 30 de xullo de 2010, ten entrada no Concello o escrito presentado polos arquitectos redactores do estudo de detalle, adxuntando a resposta a alegación presentada por Dna. Aurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Galiano, desfavorable á estimación da alegación presentada, en base ó Plan Xeral actualmente vixente.

6°.\_ A alegación presentada polos interesados, pretende fundamentarse na sentenza núm.: 1.130/2007, de 27 de

decembro de 2007, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no procedemento ordinario núm.: 0005026/2000, que foi interposto polos interesados contra a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, e cuxa sentenza anula o Plan Xeral de Ordenación Municipal, no que se refire á finca propiedade dos recurrentes, recoñecendo a clasificación de solo urbano consolidado á finca dos recurrentes, o que leva consigo a obriga do Concello de tramitar un proxecto de modificación puntual do Plan Xeral no que afecta a dita parcela, cuxa modificación puntual terá que axustarse non so a sentenza ditada, senón tamén as determinacións do Plan Xeral e ó disposto na Lei de Costas.

A tal efecto, examinado o contido de dita sentenza, no só o referente ó Fallo da mesma, senón tamén o Fundamento de dereito Cuarto da mesma, así como ás previsións do Plan Xeral para dita parcela e ás colindantes, do fronte marítimo de Raxó, considera o informante que pode desestimarse a alegación presentada en contra da aprobación do Estudo de detalle, de conformidade co informe salientado dos arquitectos redactores do estudo de detalle, entregado no Concello o 30 de xullo 2010, resaltando a previsión da Ordenanza nº 1 de Raxó, na que se establece o seguinte:

As aliñeacións e determinacións establecidas na fachada marítima de Raxó, que se encontren dentro do ámbito da servidume de protección de costas (ámbito de 20m), enténdense a título indicativo~ en tanto non se aprobe un plan especial ou estudo de detalle~ según o caso que establezca un tratamento urbanístico homoxéneo á fachada marítima~ de acordo co establecido na Disposición Transitoria Novena 2.2~ do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Costas.

7°.\_ Tamén debe ser desestimada a alegación presentada en canto a mesma pretende fundamentarse .en que co estudo de detalle aprobado inicialmente non poden modificarse as alturas que o Plan Xeral fixa na Ordenanza 1 para dita zona, reiterando o informe emitido por esta asesoría o 8 de abril de 2010 (previo a aprobación inicial do estudo de detalle), favorable a aprobación do mesmo por considerar que non se modifican as previsións do Plan Xeral, xa que, o Plan Xeral aprobado e vixente contiña xa esta previsión de homoxeneizar a fachada marítima, de conformidade coa Lei de Costas e todo isto, sen perxuízo de que calquera interesado lexítimo que non estea conforme coa aprobación do estudo de detalle, poida recurrir o mesmo en vía xudicial e probar fehacientemente que a homoxeneización da fachada marítima, dende o punto de vista técnico e con arranxo á Lei de

Costas, pode lograrse respectando as alturas previstas no Plan Xeral, para dito tramo afectado polo estudo de detalle.

Por todo isto, informo que procede desestimar a alegación presentada por Dna. Aurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Galiano, sen perxuizo do informe previo á aprobación definitiva que deben emitir tanto a Administración do Estado como da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 117.2 da Lei de Costas, xa que, aínda que o estudo de detalle aprobado inicialmente xa foi informado favorablemente polas dúas administracións, ó haberse presentado esta alegación contra a súa aprobación, de conformidade co precepto legal citado debe volveuse a informar polas dúas administracións, proponendo a estimación ou non da alegación presentada.

A aprobación definitiva do estudo de detalle corresponde ó Pleno do Concello por maioría simple, seguíndose os trámites indicados no meu informe de 29 de decembro de 2009."

Informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente: "Asunto: ESTUDO DE DETALLE. BORDE MARÍTIMO DE RAXÓ\_ ALEGACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL

Situación: Rúa da Praia e rúa Ramón Encinas. Raxó

Promotor: Concello de Poio

Interesado:Áurea Aguin Martínez e José Sanmartín Galiano

Expediente:

En relación á alegación presentada por Áurea Aguin Martínez e José Sanmartín Galiano ó documento do Estudo de detalle do borde marítimo de Raxó, promovido polo Concello de Poio, que tivo entrada no Rexistro do Concello o 08/06/2010 (nº3317), a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES: A alegación baséase en que o Estudo de detalle non ten capacidade para modificar ou alterar as determinacións do PXOM nin reducir as alturas e, en consecuencia, o aproveitamento que o terreo da súa propiedade ten atribuídas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E/OU TÉCNICAS

1- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio aprobouse definitivamente por acordo do Pleno de 28/07/2000 e entrou en vigor a partir do 26/10/2000. Dito PXOM aprobouse ao abeiro da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

2.- Segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas polas Leis 15/2004, do 29 de decembro, e 2/2010, do 25 de marzo, "os plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei conservarán á súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación aos preceptos da presente lei, ...", polo que é de aplicación o artigo 101º da Lei sobre a obrigatoriedade do cumprimento das súas disposicións sobre ordenación urbana e as contidas nas normas que a desenvolven e nos instrumentos de ordenación aprobados de acordo coa mesma.

3.- Consta o informe técnico municipal de 26/03/2010, previo á aprobación inicial, no que se analizan e xustifican as determinacións da Ordenanza 1 na fachada marítima de Raxó.

4-- No apartado de observacións da Ordenanza 1 da Normativa do PXOM, dise textualmente:

"As aliñacións e determinacións establecidas na fachada marítima de Raxó que se atopan dentro do ámbito da servidume de protección de costas (ámbito de 20m) enténdese a título indicativo, mentres non se aprobe un plan especial ou estudo de detalle, segundo o caso, que estableza un tratamento urbanístico homoxéneo á fachada marítima, de acordo co establecido na Disposición transitoria novena 2.2".

5.- O concello de Poio aprobou inicialmente o Estudo de detalle que, segundo o antedito apartado da Ordenanza 1, debía tramitarse para a ordenación da fachada marítima de Raxó. No estudo de detalle fíxase unha liña de referencia para a definición das alturas máximas das edificacións no ámbito da servidume de protección de costas para o tratamento urbanístico homoxéneo da fachada marítima de Raxó, sen superar as alturas máximas que, a título indicativo, determina o PXOM para ese ámbito. Por outra banda, o Estudo de detalle respecta as aliñacións definidas nos planos de usos pormenorizados do PXOM.

6,- En cumprimento da sentenza mencionada na alegación, o concello está redactando a modificación puntual do PXOM co obxecto de asignarlle ao ámbito do antigo polígono de solo urbano non consolidado nº5 a ordenación correspondente de solo urbano consolidado, que será a Ordenanza 1 con todas as súas determinacións, incluso o apartado de Observacións desta ordenanza tamén aplicable ao terreo propiedade dos interesados.

#### INFORME

Polo exposto, informo que a finalidade do estudo de detalle é complementar o PXOM sen modificar as determinacións deste xa que se redacta e aproba inicialmente en cumprimento do apartado de Observacións da Ordenanza 1 da Normativa do PXOM que establece que as

aliñacións e determinacións desta ordenanza na fachada marítima de Raxó que se atopan no ámbito da servidume de protección de costas enténdense a título indicativo en tanto non se aprobe o estudo de detalle.

É polo que, sen prexuízo doutras consideracións xurídicas, esta técnico entende que procede a desestimación da alegación dende o punto de vista técnico."

Informe emitido polo Asesor Xurídico de 11 de agosto de 2010 referente á alegación presentada por D. Juan Ramirez Ucha en representación de "DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, SOCIEDADE ANÓNIMA" (DICSA), que dí textualmente:

" ASUNTO: EXPTE. DE URBANISMO S/N, ESTUDO DE DETALLE DO BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ. ALEGACIÓN CONTRA O MESMO DE D. JUAN RAMÍREZ UCHA.

Visto o expediente de urbanismo tramitado, de aprobación do Estudo de Detalle do bordo marítimo de Raxó, promovido polo Concello de Poio e redactado polos arquitectos D. Antonio Rodríguez Martín e D. Antonio Espinosa Murias, así como o desposto no Plan de Ordenación vixente na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo e o previsto na Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, teño a ben informar o seguinte:

1º.\_ Por acordo da Xunta de Gobemo Local nº 7844, adoptado en sesión de 19 de abril de 2010, aprobouse inicialmente o Estudo de Detalle, previos informes técnico e xurídico e e previo o informe de Costas do Estado, informándose favorablemente por Costas da Xunta o 4 de xullo de 2010, tratando con este Estudo de Detalle de homoxeneizar a fachada marítima de Raxó, na parte na que as edificacións se emplazan dentro dos 20 metros da servidume de protección de dominio público.

2º.\_ O acordo de aprobación inicial foi notificado aos interesados incluídos dentro do seu ámbito, así como sometendo o Estudo de Detalle a información Pública durante o prazo de 20 días hábiles, a contar do día seguinte ao que se produza a publicación no Diario Oficial de Galiza, taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3º.\_ En data 18 de xuño de 2010 tivo entrada no rexistro da Xunta de Galiza un escrito asinado por D. Juan Ramirez Ucha, que actúa en Nome e representación da entidade "DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, SOCIEDAD



ANÓNIMA (DICSA)", escrito que tivo entrada no Concello o 23 de xuño de 2010, formulando a alegación correspondente, en base a documentación que une ao seu escrito, opoñéndose as determinacións do Estudo de Detalle aprobado e, en mérito do alegado, remata solicitando que se ordene a rectificación do mesmo, co fin de que se apliquen, aos bens da súa propiedade, as determinacións do Estudo de Detalle relativo ás aliñacións da A vda. Ramón Encinas Diéguez, praia de Raxó -Concello de Poio (Pontevedra), suscrito polo arquitecto D. Francisco Taracido Fraga en novembro de 1994.

4°.\_ Con data 12 de xullo de 2010, esta asesoría emitiu informe, que consta no expediente, propoñendo que se solicitara informe dos técnicos redactores do estudo de detalle, en relación coa alegación presentada

5°.\_ Con data 30 de xullo de 2010, ten entrada no Concello o escrito presentado polos arquitectos redactores do estudo de detalle, adxuntando a resposta a alegación presentada por D. Juan Ramírez Ucha, desfavorable á estimación da alegación presentada, .en base ó Plan Xeral actualmente vixente.

6°.\_ A alegación presentada polo interesado debe desestimarse, xa que, coa aprobación definitiva do Plan Xeral de Poio no ano 2000, ó entrar en vigor o mesmo, quedaron sin efecto as previsións do estudo de detalle do ano 1994, xa que, o Plan Xeral é unha disposición de carácter xeral que prevalece sobre o estudo de detalle aprobado no seu día.

A tal efecto, cítase o artigo 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que establece o seguinte:

"1. Os particulares, ó igual que a administración, quedarán obrigados ó cumprimento das disposicións sobre ordenación urbana contidas na presente Lei, nas normas que a desenrolan e nos instrumentos de ordenación aprobados con arreglo á mesma.

2. Serán nulas de pleno dereito as reservas de dispensación que se contivesen nos plans ou ordenanzas, así como as que, con independencia dos mesmos, se concedes en "

E a Ordenanza nº 1 na zona de Raxó, obxecto de estudo de detalle, establécese o seguinte:

As aliñacións e determinacións establecidas na fachada marítima de Raxó, que se encontren dentro do ámbito da servidume de protección de costas (ámbito de 20m),

enténdense a título indicativo, en tanto non se aprobo un plan especial ou estudo de detalle, se2:ún o caso, Que establezca un tratamento urbanístico homoxéneo á fachada marítima, de acordo coestablecido na Disposición Transitoria Novena 2.2, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Costas.

7°.\_ Tamén debe ser desestimada a alegación presentada en canto a mesma pretende fundamentarse en que co estudo de detalle aprobado inicialmente non poden modificarse as alturas que o Plan Xeral fixa na Ordenanza 1 para dita zona, reiterando o informe emitido por esta asesoría o 8 de abril de 2010 (previo a aprobación inicial do estudo de detalle), favorable a aprobación do mesmo por considerar que non se modifican as previsións do Plan Xeral, xa que, o Plan Xeral aprobado e vixente contiña xa esta previsión de homoxeneizar a fachada marítima, de conformidade coa Lei de Costas e todo isto, sen perxuízo de que calquera interesado lexítimo que non estea conforme coa aprobación do estudo de detalle, poida recurrir o mesmo en vía xudicial e probar fehacientemente que a homoxeneización da fachada marítima, dende o punto de vista técnico e con arranxo á Lei de Costas, pode lograrse respectando as alturas previstas no Plan Xeral, para dito tramo afectado polo estudo de detalle.

Por todo isto, informo que procede desestimar a alegación presentada por D. Juan Ramírez Ucha, sen perxuízo de informe previo á aprobación definitiva que deben emitir tanto a Administración do Estado como da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 117.2 da Lei de Costas, xa que, aínda que o estudo de detalle aprobado inicialmente xa foi informado favorablemente polas dúas administracións, ó haberse presentado esta alegación contra a súa aprobación, de conformidade co precepto legal citado debe vol verse a informar polas dúas administracións, proponendo a estimación ou non da alegación presentada.

A aprobación definitiva do estudo de detalle corresponde ó Pleno do Concello por maioría simple, seguindo os trámites indicados no meu informe de 29 de decembro de 2009.  
"

Informe emitido pola Arquitecto Municipal, que di textualmente:

"Asunto: ESTUDO DE DETALLE. BORDE MARÍTIMO DE RAXÓ \_  
ALEGACIÓN Á APROBACIÓN INICIAL

Situación Rúa da Prala e rúa Ramón Encinas. Raxó

Promotor: Concello de Poio

Interesado Juan Ramírez Ucha en representación de  
"Decoración, instalaciones y construcciones, sociedad anónima (DICSA)"

En relación a alegación presentada por Juan Ramírez Ucha en representación de "Decoración, instalaciones y construcciones, sociedad anónima (DICSA)" ó documento do Estudo de detalle do borde marítimo de Raxó, promovido polo Concello de Poio, que tivo entrada no Rexistro do Concello o 23/06/2010 (nº3729), a técnico municipal emite o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES

O obxecto da alegación é a oposición ás determinacións do estudo de detalle e a rectificación do mesmo co fin de que se apliquen as determinacións c;lo estudo de detalle das aliñacións da avenida Ramón Encinas Diéguez de Raxó, suscrito por Francisco Taracido Fraga en novembro de 1994.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E/OU TÉCNICAS

1. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio aprobouse definitivamente por acordo do Pleno de 28/07/2000 e entrou en vigor a partir do 26/10/2000. Dito PXOM aprobouse ao abeiro da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

2. Segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. .de Galicia, coas modificacións introducidas polas Leis 15/2004, do 29 de decembro, e 2/2010, do 25 de marzo, "os plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei conservarán á súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación aos preceptos da presente lei, ... ", polo que é de aplicación o artigo 101<sup>0</sup> da Lei sobre a obrigatoriedade do cumprimento das súas disposicións sobre ordenación urbana e as contidas nas normas que a desenvolven e nos instrumentos de ordenación aprobados de acordo coa mesma.

3. No apartado de observacións da Ordenanza 1 da Normativa do PXOM, dise textualmente:

"As aliñacións e determinacións establecidas no fachada marítimo de Raxó que se atopan dentro do ámbito do servidume de protección de custos (ámbito de 20m) enténdese o título indicativo, mentres non se aprrobe un plan especial ou estudo de detalle, segundo o coso, que estableza un tratamento urbanístico homoxéneo á fachada marítimo, de acordo ea establecido no Disposición transitorio novena 2.2".

4.0 concello de Poio aprobou inicialmente o Estudo de detalle que segundo o antedito apartado da Ordenanza 1 debía tramitarse para a ordenación da fachada marítima de Raxó.

INFORME

Polo exposto, informo que o PXOM aprobado definitivamente o 28/07/2000 é o instrumento de planeamento vixente no Concello de Poio e súa determinación de redactar un estudo de detalle para o tratamento homoxéneo da fachada marítima de Raxó prevalece sobre calquera instrumento de desenvolvemento que houbera con anterioridade á aprobación definitiva do plan xeral agás que este establecera expresamente a vixencia das determinacións de aquel. "

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello., emitido o día 16 de agosto de 2010, que dí textualmente:

" ASUNTO: URBANISMO, PROXECTO ESTUDIO DE DETALLE DO BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ, PROMOVIDO POLO CONCELLO E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍN E D. ANTONIO ESPINOSA MURIAS E VISADO EL 17 DE DECEMBRO DE 2009, APROBACION DEFINITIVA.

Visto o proxecto de Estudio de Detalle de bordo marítimo de Raxó, redactado polos arquitectos D. Antonio Espinosa Murias e D. Antonio Rodríguez Martín, visado polo Colexio de Arquitectos na data 17 de decembro de 2009, e o disposto no Plan de Ordenación vixente, na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección-do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo e o desposto na Lei de Costas 22/1988, de 28 de xullo, teño a ben informar o que segue:

1°.\_ Con data 12 de agosto de 2010, pola arquitecto municipal emitíuse informe sobre a reclamación presentada por Dna. Áurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Galiano, propoñendo a desestimación da mesma.

2°.\_ Con data 12 de agosto de 2010 a arquitecto municipal emitíu informe sobre a alegación presentada por D. Juan Ramírez Ucha, en representación de "Decoración, Instalaciones y Construcciones, Sociedad Anónima (DICSA)", propoñendo a desestimación da mesma.

3°.\_ Con data 13 de agosto de 2010 o Secretario do Concello emite informe indicando que o día 14 de agosto de 2010 remata o prazo para alegacións dos interesados, segundo publicación realizada no BOP o 22 de xullo de 2010, de conformidade co artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro.

4°.\_ Ésta Asesoría Xurídica xa informou con data 11 de agosto de 2010, desfavorablemente as alegacións presentadas por Dna. Áurea Aguin Martínez e D. José Sanmartín Gallano e por D. Juan Ramírez Ucha, en base ás consideracións xurídicas que se expoñían en ditos informes, non constando no expediente administrativo municipal máis reclamacións contra a aprobación inicial do Estudio de Detalle.

Por todo isto, tal como se indicaban nos informes emitidos con anterioridade por esta Asesoría Xurídica os trámites que debe seguir o Concello son solicitar o informe previo establecido. no artigo 117.2 da Lei de Costas, tanto da Dirección Xeral de Costas, do Ministerio de Medio Ambiente, a través do Servicio Provincial de Costas, como da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que é a competente en materia de Costas, para informar este Estudio de Detalle, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, antes da aprobación definitiva polo pleno do Concello.

Sen embargo, tendo en conta que o Estudio de Detalle aprobado inicialmente xa se informou no seu día polos dous organismos sectoriais sinalados e que as alegacións presentadas foron informadas desfavorablemente polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, a fin de non dilatar excesivamente o trámite de aprobación definitiva, podo o Concello, previo dictame-proposta da Comisión Informativa de Urbanismo proceder a aprobación definitiva do Estudio de Detalle visado o 17 de decembro de 2009, previa desestimación das alegacións presentadas e condicionándose a aprobación definitiva a que os dous organismos sectoriais sinalados informen favorablemente a aprobación do Estudio de Detalle visado o 17 de decembro de 2009 e a desestimación das dúas alegacións presentadas, xa sexa expresamente mediante resolucións adoptadas os dous Organismos Sectoriais, ou tacitamente, por silencio, unha vez transcorrido o prazo de dous meses que teñen ditos organismos para emitir ditos informes, conforme o artigo 117.2 da Lei de Costas, debendo remitirse aos mesmos as alegacions presentadas para o seu informe. "

Informe emitido polo Secretario Xeral do Concello que dí textualmente: "PRIMEIRO. Aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local , na súa sesión ordinaria celebrada con data 19 de abril de 2010, o Estudio de Detalle so borde marítimo de Raxó, foi sometido a información pública durante o prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte ó de publicar este anuncio no Diario Oficial de Galicia , según anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nO 103, con data 2 de xuño de 2010, e anuncio aparecido no xomal Diario de Pontevedra , con data 30 de abril de 2010, así coma tamén procedeuse a publicar no BOP de Pontevedra N° 89 de data 12 de maio de 2010. Así mesmo , procedeuse a notificar os propietarios interesados no procedemento , constando no expediente un listado de propietarios a notificar (un total de 772.) pero non constando os intentos de notificación así coma os correspondentes acuses os efectos de computo de prazos.

Consta no expediente un anuncio os efectos de cumprir co establecido no artigo 59.5º da Lei 30/92 do Réxime xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común LRX-PAC , por o cal se outorga un prazo de 20 días hábiles a todas as persoas que non puideron ser notificadas , prazo que se comezará a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra , este anuncio publicouse no BOP de Pontevedra de data 22 de xullo de 2010 , Nº 139, rematando por tanto o prazo o 14 de agosto de 2010.

SEGUNDO. No período de información pública, presentáronse as seguintes alegacións:

1ª) Dª.Aurea Agín Martínez , presentada con data 8 de xuño de 2010, Nº RE-3317.

2ª) Juan Ramirez Dcha en representación de Decoración e Instalaciones y Construcciones, Sociedad Anonima (DICSA).

TERCEIRO. O respecto das alegacións, informouse polos Arquitectos Radactores do Estudio de Detalle, Así coma por o Asesor Xurídico do Concello:

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ven determinada por:

- Artigos 73, 77, 83, 86.2, 90, 92 e disposición transitoria sexta da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia~

- Artigos 65, 66 e 140 do Regulamento de Planeamiento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por Real Decreto 159/1978, de 23 de xuño.

1º) Por o que respecta o procedemento de aprobación dun estudio de detalle este aparece regulado no artigo 73 da LOUGA , que establece que; "1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para mazás ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes. b) Ordenar os volumes edificables.

e) Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do plan.

2. Os estudos de detalle en ningún caso poderán:

a) Alterar o destino urbanístico do chan.

b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.

c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viarias, espazos libres ou dotacións públicas.

d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.

e) Aumentar a ocupación do chan, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso. j) Parcelar o chan.

g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que ! les impoña o correspondente plan.

h) Establecer novos usos e ordenanzas."

Acerca do fondo do estudo de detalle non vai a emitir ningunha consiederación dado que cando foi levado a aprobación inicial o expediente xa foi informado por a Arquitecta Municipal con data 26 de marzo de 2010 , por a Secretaria Xeral do Concello , con data 27 de marzo de 2010 , e por o Asesor xurídico do concello con data, 29 de decembro de 2009; 18 de febreiro de 2010 , e 8 de abril de 2010 , amais de recibir o Informe favorable da Dirección General de sostenibilidad de la Costa y el Mar con data 24 de febreiro de 2010 e con carácter porterior a súa aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente Territorio-e Infraestruturas con data 4 de xuño de 2010, tamén con carácter favorable.

2º) No referente o seu procedemento de aprobación, este aparece regulado nos artigos 86,89 e 90 da LOUGA 9/2002 con as súas respectivas modificacións , neste senso o artigo 86 da LOUGA establece que; "1. A tramitación dos plans parciais, plans especiais e plans de sectorización axustarase ao seguinte procedemento:

O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificarase individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. A estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.

Durante o mesmo tempo en que se realiza o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que haberán de ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo ue a lexislación sectorial sinale outro prazo.

Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

A aprobación de plans de sectorización e de plans especiais non previstos no plan xeral 'equirirá en todo caso a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao ontrol da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

A estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nos apartados precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterao, co

expediente completo debidamente diligenciado, á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen que se comunice u o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

A consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade tanto do proxecto de plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a subsanación das deficiencias observadas, fixando prazo ao efecto. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe autonómico.

Nos demais casos, non será necesario o informe da consellería nin a aprobación provisional do plan.

Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, preténdanse introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.

Cumpridos os trámites sinalados nos apartados precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

En caso en que os plans de desenvolvemento a que se refire este artigo haxan de someterse a avaliación ambiental estratéxica, serán así mesmo de aplicación as previsións contidas nos

" artigos 84.5 e 6 e 85.2, 3, 4, 5 e 6, coa especificidade de que o documento de inicio non virá obrigado a conter o estudo detallado de medio rural, modelo de asentamento e do sistema de núcleos que se propoña polo plan xeral, e que o acordo de aprobación inicial, simultaneamente co seu sometemento a información pública, notificarase individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. A estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.

**2. Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes."**

Visto canto antecede, considérase que a vista de que se presentaron dúas alegacións, de que o prazo para a



presentación das mesmas remata con data 14 de agosto de 2010, e que por o tanto e posible que se presenten mais alegacións , se deberán informar as mesmas por os servizo técnicos e xurídicos oportunos , tendo en conta que se da estimación dalgunha das alegacións se derivase a modificación do contido do estudo de detalle se deberá proceder a apertura dun novo prazo de información pública.”

Constan no expediente oficios da alcadía de datas 18, 20 e 26 de agosto de 2010, de remisión da documentación esixida no artigo 117.2 da Lei 9/1988, do 28 de xullo, de costas, ao Ministerio de Medio Ambiente e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Con data 24 de agosto de 2010 someteuse a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo polo que se informou desfavorablemente as alegacións presentadas e informouse favorablemente a aprobación definitiva do Estudo de Detalle condicionándose esta a que os dous organismos sectorias sinalados informen favorablemente a aprobación do Estudio de Detalle visado o 17 de decembro de 2009 e a desestimación das dúas alegacións presentadas

Non subscitándose debate ningún, sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 24 de agosto de 2010 este quedou aprobado polo voto favorable dos 13 membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Aurea Aguin Martínez e D. Jose Sanmartín Galiano e D. Juan Ramírez Ucha, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos municipais e que forma parte integrante do presente acordo.

Segundo: Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle do Bordo Marítimo de Raxó redactado polos arquitectos D. Antonio Espinosa Murias e D. Antonio Rodríguez Martín, visado polo Colexio de Arquitectos na data 17 de decembro de 2009.

Terceiro: De conformidade co disposto no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, dispoñer no DOG a publicación definitiva e no BOP o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no prazo dun mes dende adopción do presente acordo.

Cuarto: Comunicar o presente acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Ministerio de Medio Ambiente e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

3424.- DAR CONTA DAS DIRECTRICES DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO.- De conformidade co establecido no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase por maioría de votos a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha.

Pola Secretaria dáse conta do documento elaborado onde se recollen as directrices de ordenación do territorio que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 09/07/2010, número 4095 coa finalidade de expoñer cantas observación e suxestións se estimen oportunas, duran te o prazo de 02 meses contados a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia.

Consta no expediente ditame emitido por razón de urxencia pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 24 de agosto de 2010 e que di textualmente: "Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e vistas as Directrices de Ordenación do Territorio, da Xunta de Galicia, esta Comisión acorda darse por enterada.

Xulio Barreiro, expón

Que non se presenta alternativa á PO-308 e que considera que deberá de existir unha alternativa a dita estrada, considerando este punto como transcendental para Poio.

Tampouco fala da conexión da circulación de Pontevedra coa alternativa norte..

Que figuran como plataformas loxísticas outras noutros concellos, pero non menciona a Poio, considerando este Concelleiro que deberá de figurar este Concello xa que ten o Parque Empresarial de Fragamoreira que potenciaria a trama industrial deste Concello..

Que debera de recollese como sectores estratéxicos os de marisqueo e de turismo.

Que non se recolle a protección da Illa de Tambo nin se inclúe no Parque Nacional das Illas Atlánticas. 0

Que non figuran como núcleos de identidade do litoral os de Covelo, Campelo, e Raxó xa que soamente figura Combarro

Que a ordenación do territorio soamente considera a Poio como cidade-dormitorio de Poio, e que este Concello ten potencial suficiente para ter entidade propia, distinta á Pontevedra ou Sanxenxo.

Que refirente as infraestructuras de auga e saneamento: non se indican as procedencias das augas nin os trazados.

Os membros do P.P.. manifestan que:

En relación á alternativa da PO308, consideran que se deberá de potencia-la estrada existente polo alto do Castrove

Que a conexión con Pontevedra deberá de estar recollida no

DOT.

Que tamén están de acordo en recoller como sectores estratéxicos os de mariqueo e o turismo.”.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián entregando un escrito onde se fan constar as alegacións ao documento de directrices de ordenación do territorio, aprobado inicialmente e que son as que se detallan a seguir:

“1.-Sendo coñecida a saturación de tráfico que sofre a PO-308 ao seu paso por Poio, onde cruza cinco zonas urbanas cunha densidade de poboación moi alta, resulta extraño que nas DOT non se faga mención algunha a unha solución para este problema que vimos padecendo dende hai máis de 25 anos.

No Plan Director de Estradas aparece recollida unha variante paralela á PO-308 que sería unha alternativa para desconxestionar esta vía. Esta solución desapareceu do Plan Move, sen embargo, consideramos que non podemos pensar nun desenrolo de Poio sen unha alternativa á PO-308.

A inexplicable referencia a este vial contrasta co obxectivo de transformar a PO-308 nunha vía de comunicación sostible con carril bici, transporte colectivo etc. Como vai ser posible isto sin unha alternativa polo que se canalice a maioría do tráfico?.

Neste senso e considerando todos os problemas técnicos e financeiros que unha vía deste tipo supón, non podemos hipotecar o desenrolo de Poio para sempre por non terse plasmado nas DOT unha proposta de estrada alternativa á PO-308.

Sendo conscientes este documento non é o lugar para establecer un trazado do mesmo, si pensamos que no mesmo debe recollese de forma explícita a súa necesidade.

2.- No documento faise mención a necesidade dunha circunvalación á cidade de Pontevedra, sen embargo, coincidindo con este plantexamento, pensamos que a mesma debe estar conectada cos viais de acceso a Poio de maneira que se facilite a comunicación coas estradas doutras comarcas.

3.- A cercanía a Pontevedra pode funcionar como unha ventaxa ou mesmo como un problema para o desenrolo de Poio. O feito de estar cerca dunha área urbana importante, dificulta que Poio poida ter determinados servicios de carácter comarcal que por lóxica deben estar na localidade de máis importancia. En sentido contario, a área urbana de

Pontevedra e mesmo de Vigo, poden funcionar como motores do desenrolo de Poio. O modelo que para Poio se propón aparece vinculado a Pontevedra deixando para o noso municipio un papel de cidade dormitorio facendo mención a un sector turístico para o que se prevé unha importante vinculación con Sanxenxo e Pontevedra.

No modelo que o BNG pretende para Poio baséase nas seguintes premisas:

3.1- A posta en funcionamento do polígono industrial de Fragamoreira vai a ser o polo de crecemento que vai a transformar a Poio nos vindeiros 10 - 15 anos. A boa situación deste polígono vai permitir que o desenrolo do mesmo se faga a curto prazo, sendo a novas industrias as que xeneren postos de traballo e fixen a poboación en Poio.

Neste senso, é criticable que nas DOT se fale só das grandes plataformas lixísticas da eurorexión vinculadas ás grandes cidades, facendo mención a polígonos secundarios para completar esta plataformas loxísticas en Mos e o Morrazo. Poio nin se menciona.

Tendo en conta a importancia desta infraestrutura, non só se debería recoller a importancia do mesmo para Poio senón que nos pensamos que a súa ampliación debería ser un obxectivo recollido neste documento.

3.2- O Sector turístico é en Poio un motor económico do cal depende un importante sector da Poboación. A potenciación deste sector non pode estar vinculada ao desenrolo dos mesmos en Sanxenxo e Pontevedra. As infraestruturas e atractivos de Poio neste sector son ben coñecidos. Tanto por plaza hoteleiras como pola calidade da restauración, este sector parte nunha posición inmellorable para o seu desenrolo.

A isto hai que engadir que Poio non só oferta praias. O Casco histórico de Combarro, o Mosteiro de Poio, a inmellorables paisaxes do Castrove e infraestruturas recentes como o Museo de Colón, a Aula de interpretación dos petroglifos de Boa Vista e o porto deportivo de Combarro, son determinantes para potenciar unha oferta durante todo o ano. A importancia destes feitos non poden se obviadas nas DOT debendo recollerse nas mesmas os antecedentes e obxetivos entre os debe figurar a instalación dun porto deportivo en Raxó.

3.3- O sector marisqueiro e outra das patas nas que se asenta a economía de Poio. A súa importancia ben

determinada polos importantes bancos marisqueiros existentes contando con infraestructuras como as Lonxa de Campelo ou os catro Portos con cunha longa tradición mariñeira. A súa potenciación debe ser unha das premisas que se recollan neste documento.

4.- No que se refiére aos espazos naturais a protexer, parece un erro que no se teña incluída a Illa de Tambo. O seu estado de conservación, a súa singularidade e situación fan que sexa obrigada a súa protección ambiental e paisaxística. Consideramos que é un erro que non se teña contemplado no documento.

5.- Como núcleos de identidade do litoral figura tan só Combarro, sen embargo, tanto Raxó, como Covelo e Campelo teñen a entidade suficiente tanto como núcleos de poboación como con anos de formación e mesmo con infraestructuras portuarias que os vinculan dende hai moito tempo co litoral polo de deberían aparecer tamén como Núcleos de identidade do Litoral.

6.- É evidente o deseño e infraestructuras executadas para dar servizos de auga e saneamento ao Concello de Poio, sendo moi complicado e custoso a súa modificación, pero pensamos que nas DOT deberían aparecer recollido cando menos o actual deseño e planificación futura destas redes coas correspondentes captacións e estacións depuradoras.

7.- Dentro do que se denomina Ámbitos de interese do patrimonio cultural, consideramos que os petroglifos situados en Boa Vista, tanto pola súa importancia cultural e etnográfica como polas infraestructuras executadas e vinculadas coas mesmas deberían recollerse nas DOT."

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS A CONCELLEIRA D<sup>a</sup>. LUZ SENRA LORENZO.

A Sra. Nieto García manifesta que o Grupo Popular non está de acordo con todas as alegacións presentadas, e en concreto prestan a súa disconformidade ao seguintes puntos:  
1.- Si están de acordo que a PO-308 precisa dunha alternativa pero manifesta que Poio conta con infraestructuras que deben aproveitarse (o Castrove).

3.1.- A posta en funcionamento do Polígono Industrial non vemos que teña cabida no documento.

4.- Non están de acordo na solicitude de incluír á Illa de Tambo nos espazos naturais a protexer.

7.- Non cren que nos ámbitos de interese do patrimonio cultural se deba de recoller os petroglifos situados en Boa Vista.

A Sra. Besada Lores di que o que se pide nas alegacións e en referencia coa alternativa PO-308, é que se recoñeza a súa necesidade.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que lle parece unha falta de respecto, propoñer a alternativa da Estrada do Castrove como alternativa á PO308, se falamos da Estrada a Armenteira para os veciños está moi ben, pero non me imaxino o tránsito por alí de 14000 vehículos diarios en época estival, non é unha proposta seria.

Consideramos que a Illa de Tambo ten a máxima protección no ordenamento, pero no documento non, por iso consideramos que Tambo se debe protexer coa maior protección.

O pleno da corporación dáse por enterada do docuemnto aprobado inicialmente e acorda remitir as alegacións presentadas.

3425.- BORRADOR DO CONVENIO "NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".- Pola Sra. Secretaria dáse conta que na sesión ordinaria realizada polo Pleno desta corporación de data 23 de ferbreiro de 2010, mediante acordo 3351, acordouse a adhesión ao convenio coa Sociedade Estatal Augas da Conca do Norte, SA para a construción e explotación da actuación "Novo Abastecemento de Auga a Pontevedra e á súa Ría".

Mediante escrito de data 06 de xulo de 2010, remítese novo borrador do convenio, no que se introduciron cambios solicitados pola Dirección Xeral de Patrimonio do Estado e incorporaron as últimas propostas de otas a incluír no anteproxecto, así como a previsión do axuste das aportacións ao concellos tras a finalización das obras e a súa medición final e os correspondentes criterios de reparto do investimento e financiamento.

Pola Secretaria presente na sesión explícase o contido do novo borrador facendo fincapé nas modificacións sufridas no borrador desde a súa aprobación en febreiro de 2010.

Non subscitándose debate ningún e sometido a votación o novo borrador remitido polo Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP, acordou prestar aprobación ao novo borrador presentado coas modificacións introducidas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás catorce horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.

